

DOMINGO 34º OU DERRADEIRO CICLO C
SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO

PRIMEIRA 2 Sam 5, 1-3:

Unxiron a David coma rei para Israel

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NO LIBRO SEGUNDO DE SAMUEL

Todas as tribos de Israel foron a Hebrón, xunto a David, para dicirlle:
-"Aquí nos tes. Nós somos do teu mesmo sangue. Xa de antes, cando Xaúl reinaba sobre nós, eras ti quen conducía a Israel e o Señor tíñache dito: ti pastarás o meu pobo Israel, ti serás o seu xefe".

Os anciáns de Israel presentáronse, pois, onda o rei en Hebrón. O rei David fixo un pacto alí con eles, diante do Señor, e eles unxiron a David por rei de Israel.

SALMO RESPONSORIAL Sal 121, 1-2.4-5

R/ (1): Imos alegres para a casa do Señor.

Alegreime, cando me dixeron:
imos para a casa do Señor.
Xa están os nosos pés
ás túas portas, Xerusalén,

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,
conforme o costume de Israel,
para festexar o nome do Señor.
Alí están os tribunais da xustiza,
a sede da casa de David.

SEGUNDA Col 1, 12-20:

Pasounos ao reino do seu Fillo benquerido

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS COLOSENSES**

Irmáns e irmás:

Dámoslle grazas ao Pai que nos fixo merecentes de participar na herdade dos santos, na luz.

Porque El arrincounos da pouta das tebras
para nos pasar ao Reino de seu Fillo querido,
en quen nós atopamos redención, o perdón dos pecados.

El é a imaxe do Deus invisible, de toda criatura el é o primeiro nacido,
e por medio del fixéronse as cousas, as da terra e tamén as do ceo,
as vistas cos ollos, as por eles non vistas;
señoríos sexan ou ben maxestades, sexan principados, tamén potestades;
el é modelo e fin do universo creado.

Antes ca todo está el, todo nel se cimenta aínda hoxe.

É tamén a cabeza do corpo -o corpo é a Igrexa-.

El é o principio, o primeiro en nacer de entre os mortos,
de xeito que en todo sexa sempre o primeiro.

Porque nel quixo Deus habitar coa súa total plenitude:

reconciliar así o universo consigo, por el;

e no sangue da cruz poñer paz entre os seres da terra e do ceo, servíndose del.

**DOMINGO 34º OU DERRADEIRO CICLO C
SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO**

EVANXEO Lc 23, 35-43:

Señor, lémbrete de min cando esteas no teu reino

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Os xefes moqueábanse de Xesús, dicindo:

-A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido.

Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo:

-Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.

E había un letreiro enriba del: "Este é o rei dos xudeus".

Un dos bandidos que estaban crucificados, insultábao tamén:

-Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.

Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:

-Seica non temes a Deus, ti que sofres a mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibimos o que merecemos, pero este non fixo mal ningún.

E dicíalle:

-Xesús, lémbrete de min cando volvas coma rei.

Xesús respondeulle:

-Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.